

ENTREVISTA A JAVIER PITILLAS.

Javier Pitillas Torrado naceu o 26 de febreiro de 1962. Na actualidade reside en Vigo, onde traballa como Policía Local. Xunto a Gerardo Fernández, Javier creou en 2009 Discamino, unha asociación que existe para que as persoas con dificultades poidan cumprir o un obxectivo: facer o Camiño de Santiago. O proxecto nace cando Gerardo, que é xordo-cego, decidiu que quería facer o Camiño de Santiago xunto a Pitillas. Javier xa traballara con xente con dificultades lingüísticas, polo que sabía linguaxe de signos, pero neste caso, para comunicarse con Gerardo, aplicou a linguaxe dactilolóxica, a cal consiste en facer os signos na man da outra persoa.

Ao rematar esta aventura Gerardo pediulle a Javier que buscasse a máis xente coma el para facer o Camiño xuntos sen impedimentos, e así foi como naceu Discamino. El mesmo fala da dificultade e do interese que hai que poñer para formar parte dos voluntarios de Discamino, que axudan a quen o precise a chegar a Santiago: “hai que mover os 70 quilos de un mesmo, os 70 do copiloto e os 40 ou 50 do tándem”. Ademais do esforzo físico que supón, hai que ter en conta todos os coidados que necesitan e as dificultades que poida presentar cada persoa, polo que no equipo de Pitillas nunca sobran mans para traballar. Por isto e moito máis foi galardoado numerosas veces e mesmo foi presentado como candidato ao Premio Princesa de Asturias, para o cal tivo preto de 400 cartas de apoio.

Gerardo, cando rematou o teu Camiño manifestaches que che gustaría que se creara unha asociación que se dedicara ao que na actualidade se dedica Discamino. Como comezastes a contactar con xente? Como se estendeu a voz? Sabemos que na actualidade sodes moitas persoas as que traballan en Discamino, pero gustaríanos saber como foi o inicio do proxecto e como reaccionaba a xente cando lles preguntabades se querían participar.

Todo comeza con Gerardo en 2009 cando fixemos o Camiño sen que existira Discamino, aínda que a xente pense que Discamino xa estaba. Eu xa levaba facendo cousas con el dende facía 27 anos porque, aparte de traballar como Policía Local, son adestrador de atletismo. Entón a ONCE contratounos a min e a un compañeiro para levar o atletismo da ONCE na provincia.

Gerardo foi o noso primeiro alumno e un montón de anos despois el manifestou a ilusión por facer o Camiño. Entón, en 2009, atopamos un deses triciclos que nos permitiron facer o Camiño con el e, ao rematalo, Gerardo, que desfrutara un montón da experiencia, pediunos que buscáramos máis xente con problemas para facelo.

O feito de que a familia crecese a longo destes nos viu dado pola presenza en redes, xa que hoxe en día calquera cousa que fagas pode chegar a través destas a moitas persoas. Ademais, tivemos a inmensa sorte de que coincidiu a nosa preparación da aventura coa preparación dun señor que traballaba nunha radio e encargáranlle unha reportaxe sobre o Camiño, polo que gracias a unha serie de coincidencias decidiu coñecernos e fixo un documental sobre o proxecto. O documental chamouse *El Camino de los Sentidos*, viuno moita xente, e cada vez había máis chamadas de xente que tiña, eles mesmos ou algún dos seus familiares, unha discapacidade que dificultaba a realización do Camiño.

En relación aos pilotos, contamos na actualidade con 39, todos da zona de Vigo. Adestramos seis veces á semana con 148 persoas da comarca que veñen a facelo con

nós, e a forma de crecer foi basicamente esta, de boca a boca. E, sobre todo, os pilotos únense ao vernos pola rúa; xente que fai bicicleta venos pola rúa, párannos e dinnos que lles gustaría participar e aportar. Desta forma é como crece a familia.

O documental *El desorden de los sentidos*, que se pode ver na vosa páxina web, embárcanos nunha viaxe de coñecemento que atravesa os nosos cinco sentidos para mostrarnos a realidade do mundo de Antonio e Gerardo, dous rapaces discapacitados que se enfrontan á ruta francesa do Camiño de Santiago en bicicleta. Coa axuda de familiares e amigos, os protagonistas amosan que o verdadeiro camiño segue moito mais alá de Santiago de Compostela. A que problemas se enfronta realmente unha persoa con discapacidade ao facer o Camiño de Santiago?

Realmente, as dificultades xorden todas, pero non son ningunha dificultade diferente das que teñen no seu día a día. As dificultades de estrutura da cidade, as dificultades nun edificio... porque o camiño xa o facemos de modo que poidan facelo eles. Se imos por carreteira, imos cos triciclos, porque no poden ir polos camiños; e se queremos ir polos camiños temos unhas cadeiras adaptadas para iso, é dicir, que o feito de facer o Camiño non implica maior problema. O problema ven despois, cando tes que atopar un aloxamento ou tes que circular pola cidade cunha cadeira de rodas. É dicir, hoxe en día, malia que estamos en 2022, aínda hai un montón de sitios onde tes un paso de peóns, pero unha beirarrúa dun palmo de alto, y aí unha cadeira de rodas non pode pasar. Chegas a un edificio e non podes entrar porque hai unha escaleira, o cal nos sucedeu unha morea de veces, polo que, cando saímos ao camiño, non podemos deixar ao azar o lugar no que nos vamos a aloxar. Un peregrino calquera colle o tren, o autobús ou o avión, vai ao punto de partida, colga a mochila ao lombo e bota a camiñar e para onde lle coincide. Nós non podemos facelo así, temos que saber exactamente onde imos parar porque os albergues ou os aloxamentos teñen que estar minimamente adaptados. Temos que entrar coas cadeiras, primeiro no recinto e despois dentro do recinto temos que poder movernos con elas, temos que poder entrar nas duchas coas cadeiras de ducha, coas grúas, e iso complica a cousa e danse situacións curiosas nalgunha ocasión, tendo que facer ese traballo previo de reservar, buscar e encontrar o que cremos idóneo. Nunha ocasión dixéronnos que si, que o albergue estaba perfectamente adaptado, que tiña un baño completamente adaptado, novo, que se fixera recentemente e, efectivamente, era certo. Era marabilloso, con varandas nos inodoros, con varandas nas duchas, con espazos abertos grandes, sen obstáculos. Pero para chegar ao cuarto de baño había que subir tres escaleiras, polo tanto, todo o que había alí dentro non valía para nada. Eses son os problemas que temos.

¿Houbo algunha persoa con discapacidade que tivese que dar media volta a metade do camiño?

Non, ata agora sempre acabamos todos os camiños. Nalgunha ocasión pasounos que alguén se atopou mal y tivo que parar, pero iso pode suceder sempre. De todos xeitos, nunca facemos o Camiño cunha soa persoa, a excepción do primeiro, o de Gerardo en 2009. Agora o Camiño fano catro, seis ou dez persoas. Este ano fixemos un Camiño moi especial porque é ano Xacobeo. Chamámolo *Enlace de Caminos*. Saímos de Vigo polo Camiño Sanabrés ata Zamora e baixamos a Mérida polo Camiño da Prata. Polo

Camiño Mozárabe chegamos a Cartaxena. Collemos a vía Augusta ata Albacete. O Camiño de Levante: de Albacete a Astorga. De Astorga a Santiago polo Camiño Francés e de Santiago a Vigo polo Camiño Portugués. Foron 2.900 quilómetros e participaron 21 persoas. Foron sete tramos e en cada tramo participaron entre catro e seis. Entón, malia que algún se topou indispuesto e tivese que volver a casa ou teña que parar durante un par de días o resto sempre continua adiante.

Buscando información sobre as distintas rutas do Camiño de Santiago accesibles para persoas con discapacidade atopámonos con que están cualificadas como accesibles a persoas con axuda ou como non accesibles. Cualificalas, fixérono persoas con discapacidade ou é cousa de peregrinos en xeral?

Nós o Camiño Francés fixémoslo dez ou doce veces, case todas en triciclo e coa bicicleta non imos por carreteira, polo tanto, necesitamos saber como está o camiño por adiantado. Nunha ocasión, en 2020, fixémoslo coas cadeiras de rodas, unha cadeira de rodas de montaña con elementos *hightbike* e fixémoslo seguindo un camiño. Este ano, en setembro, imos repetir por esa mesma ruta. Si que nos preocupamos por comezar a ruta conscientes de como está e para iso utilizamos a guía dun italiano, Pietro Sirudo, que ten unha discapacidade, vai en cadeira de rodas, e tivo a fantástica idea de facer unha guía que fora válida para todo o mundo. É unha guía que inclúe o Camiño Francés dende Roncesvalles e ten tres vías diferentes: unha para calquera persoa sen ningún tipo de discapacidade (sobre as frechas amarelas seguindo o recorrido histórico), outra para persoas que van en cadeira de rodas con axuda de alguén (teñen marcados os desvíos e as zonas imposibles para las cadeiras de rodas) e unha terceira ruta que se separa un pouco máis do camiño real e que é para as persoas que van en cadeira de rodas soas, sen axuda de ninguén. Entón, esa é unha guía realmente estupenda, porque permite que calquera que queira facelo poida lanzarse ao Camiño e sabe así como ten que ir sen encontrarse con sorpresas.

¿O nivel de adaptación en Galicia é superior ou está máis ou menos á par doutros lugares?

Está máis ou menos á par. Ultimamente en Galicia fixeron bastantes cousas de cara a adecuar algún sendeiro e realmente nós non estamos de acordo con isto, porque o sendeiro do Camiño de Santiago é unha ruta histórica. O Camiño é o que é, e é histórico polo que non podemos modificalo. Non podemos asfaltar o camiño para que todo o mundo poida ir por el.

O que si habería que facer é editar guías ben feitas e ir actualizándoas conforme haxa modificacións. Para que unha persoa en cadeira de rodas poida saber por onde ir, por onde saír dese camiño... En Galicia hai algo máis, pero non sempre nos parece correcto que fagan pistas tan bonitas.

E cando te desvías da ruta marcada, hai albergues que dean servicio?

Ás veces desvíaste da ruta marcada pero non te vas a poboacións diferentes. Por exemplo, se queres ir dende Vigo ata Santiago polo Camiño Portugués, coa cadeira

de rodas podes ir tranquilamente todo o tempo polo Camiño marcado excepto pola Canicouva. A Canicouva é un tramo que está entre Ponte Sampaio e Pontevedra. Hai unha zona que é imposible para a cadeira de rodas porque é unha antiga calzada romana, ademais de que está en pendente e ten cinco tramos duns 40 metros o máis pequeno e duns cen ou cento e pico o máis grande. Aí o que fas é coller unha carreteira e uns desvíos por arriba. Non te separas da ruta máis que o xusto para salvar cada tramo que presenta, coma este, dificultades dificilmente salvables doutro xeito.

Ás persoas con diversidade funcional, podemos dicir, que se lles ten en conta. Nos albergues públicos en xeral, aínda que non se poida reservar, cando hai un grupo de persoas con diversidade funcional exímeselles desa necesidade. Nestes albergues podemos contar cuns sistemas sinalizados para que os usuarios poidan identificar claramente o que queren comunicar. Tamén teñen uns sistemas de emerxencia para que en caso de calquera imprevisto poidan saír ben parados. Os albergues dispoñen dunha serie de reformas para que as persoas con discapacidade poidan acceder a todos os lugares do albergue, dispoñendo dunhas habitacións especiais nas que poden ir cun acompañante. Nestes tempos de pandemia adoitan ter moitas medidas ante o Covid-19. Nalgúns deles hai taquillas para previr os roubos e teñen un sistema de vixilancia constante... ¿Cómo ve vostede o acondicionamento dos albergues, están todos ben equipados?

Non. En algún albergue hai algunha cousa pero en ningún topas todo, a no ser algún recentemente inaugurado. En Vigo, o último albergue inaugurado pola Xunta de Galicia, situado na praza do Berbés, creo que si ten todo. Fixérono empezando dende cero, o cal é un punto a favor. Os demais triste e desgraciadamente non están adaptados nin muito menos. Teñen algunha adaptación e nós cada vez que paramos nalgún deles e vemos algunha cosa que mellores, imos comunicándoo. Ás veces danse situacións absurdas como, por exemplo, nun albergue onde paramos ata en tres ocasións e que ten unha habitación adaptada para persoas con discapacidade. Ten o seu baño adaptado ao lado da habitación, o cal é fantástico. Pero sucede que para chegar aí, hai que saír do albergue e dar a volta a todo o recinto. O chan está moi bonito pero cunhas lascas de pedra e entre lasca e lasca hai dous dedos de separación, polo que as rodas da cadeira métese aí e quedas atrapado, incluso podes envorcar facilmente. E, o peor de todo, é que cando chegas ao baño, os lavabos deberían ter un oco para que a cadeira de rodas se meta debaixo, para que a persoa se poida acercar; e onde están os lavabos ten unha táboa que chega ata o chan, polo que a persoa con discapacidade non chega ao lavabo.

Todos os potenciais pilotos teñen que contactar con vos e pasar por unha entrevista e un exame. Que probas hai que pasar para chegar a ser piloto?

En primeiro lugar, ser capaz de levar o triciclo. Ser capaz supón dúas cousas: adquirir a habilidade suficiente para levala, porque non é unha bicicleta, é un aparato para pedalear. É moi habitual que quen chega por primeira vez e monta no triciclo colla a curva como se fose unha bicicleta, e o triciclo manéxase máis ben como se fose un *quad*. En segundo lugar, a capacidade de poder pedalear con alguén que en moitos

casos vai a facelo moi pouco. É moi habitual, sobre todo cando imos na bicicleta con cadeira, que esteamos pedaleando con douscentos quilos. Unha soa persoa move douscentos quilos de bicicleta porque esta pesa corenta quilos, o piloto uns sesenta ou oitenta e, se o copiloto pesa oitenta ou noventa quilos, estamos movendo unha bicicleta de douscentos ou douscentos dez quilos. Para iso, hai que estar en condicións de facelo. E hai unha terceira parte, máis abstracta, na que temos que ver como son cada unha das persoas que nos visita, porque tristemente no mundo hai xente que non sabe como tratar a unha persoa con discapacidade e non basta con querer facelo ben, senón que tamén hai que poder facelo.

O Discamino infantil naceu o 21 de maio de 2015 e con el axudades a nenos e nenas con discapacidades a facer cousas que por eles mesmos non serían quen de facer, como realizar o Camiño de Santiago. Dá a sensación de que este apartado do Discamino é moi parecido ao de adultos, pero ten pequenas diferenzas en aspectos como os tramos, que son mais curtos. Que sentiches a primeira vez que fixexhes o Discamino Infantil? Que foi o máis interesante e o máis gratificante?

Realmente, cando facemos o Camiño facémolo con un neno ou unha nena que xa coñecemos con anterioridade. Adoita suceder que nos chama xente de fóra. Este ano temos dous e case tres camiños con xente de fóra que teñen fillos pequenos ou de idade mediana e todos teñen esa ilusión. Entón veñen e coñecémolos xusto nese momento. Loxicamente, falamos antes con eles e planificamos todo con anterioridade e nalgunha ocasión incluso coñecemos ao neno a través dunha videoconferencia. Pero normalmente coñecémolos de antes, sendo xente do noso entorno que pasou pola asociación e xa adestrara con nós. A emoción é máis grande cando facemos un Discamino Infantil non se dá co neno porque, a fin de contas, os nenos disfrutan de todo e viven coa alegría habitual dos nenos. A emoción máis grande ven cos pais e as nais, porque cando un pai ou unha nai chegan a Discamino ofréceneselles a oportunidade de pedalear cos seus fillos, porque intentamos que cando se trata dun niño ou dun rapaz, que o piloto sexa o pai ou a nai. Eles sempre queren ser os pilotos porque levan un montón de anos cos seus fillos, desexando poder facer algo xuntos. Non poden xogar ao fútbol con eles ou non poden falar con eles pero poden pedalear xuntos. É máis cando hai outro fillo na familia porque, habitualmente, este si saíu co pai ou a nai a pedalear en bicicleta e o fillo que ten a discapacidade queda sempre na casa mirando pola fiestra. Cando chega o día no que os pais poden ir a pedalear co fillo co que nunca puideran facelo antes, a emoción que nos embarga non é tanto a do neno, senón a dos pais.

Cal che gusta máis facer, o infantil ou o de adultos?

Sempre é máis gratificante facelo con un adulto, porque con un adulto tes moito máis que compartir. Hai dous tipos de discapacidade: a de nacemento e a que se presenta ao cos anos. Falando disto sempre recordo a pregunta dun alumno despois dunha charla nun colexio e a resposta do avó Varela (o avó Varela é o noso presidente, un señor que ten case 70 anos e que presenta parálise cerebral). A situación foi a seguinte: “desculpe, é moi duro ser discapacitado?” e Varela, que apenas fala e non anda, pero que ten un cerebro que xa o quixera eu para min, contestoulle: “non. Eu

non coñezo outra cousa, eu nacín así. Para Isabel seguro que é moito máis duro que para min". Isabel era maxistrada xuíza dun xulgado penal de Logroño. Era irmá de Paula, unha das nosas pilotas. Con 50 anos comezou a toparse estraña, custáballe falar, empezou a tropezar ao andar... tiña unha ataxia que finalmente acabou con ela. Imaxinarvos que alguén que foi xuíza dun xulgado penal, que tivo tanto poder, de pronto no poida andar, que haxa que levala ao baño, iso si que é duro. Entón, cando ti tes a oportunidade de acompañar a unha persoa como Isabel, que despois de telo todo pasou a non ter nada, e que atopou un lugar no que poder volver a facer deporte, e cando ves a esa persoa que despois de chegar ao inferno se deu conta de que podía volver á súa vida e de estar alí, iso é o máximo.

Colegio El Castro, 3º ESO.